LITERATURA UNIVERSAL

OPCIÓN A

1ª PARTE

1. Describe as características principais da narrativa realista do s. XIX (2 puntos).

2. Describe as características principais do Renacemento (2 puntos).

3. Relaciona os seguintes autores coas súas obras (Lembra escribir a resposta no caderno de exame, non nesta folla) (1 punto).

Dante Alighieri	*Macbeth*
William Shakespeare	*Moby Dick*
Virgilio	*A divina comedia*
Herman Melville	*A Iliada*
Homero	*A Eneida*

2ª PARTE

4. ¿Cal é a importancia do fantasma en *Hamlet* (2,5 puntos).

5. Describe a relación de Madame Bovary co seu entorno social (2,5 puntos).

OPCIÓN B

1ª PARTE

1. Describe as características principais do Romanticismo (2 puntos).

2. Describe as características principais da Ilustración (2 puntos).

3. Relaciona os seguintes autores coas súas obras (Lembra escribir a resposta no caderno de exame, non nesta folla) (1 punto).

August Strindberg	*Decamerón*
Franz Kafka	*Guerra e paz*
León Tolstoi	*A Odisea*
Giovanni Bocaccio	*O Castelo*
Homero	*A señorita Xulia*

2ª PARTE

4. Describe a personaxe de Xertrude en *Hamlet* (2,5 puntos).

5. Comenta o matrimonio de Charles Bovary e a súa muller Emma (2,5 puntos).

LITERATURA UNIVERSAL

OPCIÓN A

1º PARTE

1. Describe as características principais da Ilustración (2 puntos)

2. Describe as características principais da narrativa medieval (2 puntos)

3. Relaciona os seguintes autores coas súas obras (1 punto):

Giovanni Bocaccio	*Ulíses*
Virgilio	*Oliver Twist*
Charles Dickens	*Moby Dick*
Herman Melville	*A Eneida*
James Joyce	*Decamerón*

2ª PARTE

4. Cal é a importancia do asasinato do pai de Hamlet en *Hamlet*? (2,5 puntos)

5. Describe a personaxe de Emma Bovary (2,5 puntos)

OPCIÓN B

1ª PARTE

1. Describe as características principais do Renacemento (2 puntos)

2. Describe as características principais do Modernismo (2 puntos)

3. Relaciona os seguintes autores coas súas obras (1 punto):

Sófocles	*A Señorita Xulia*
T. S. Eliot	*Papá Goriot*
August Strindberg	*As Heroidas*
Honoré de Balzac	*A Terra baldía*
Ovidio	*Edipo Rei*

2ª PARTE

4. Describe a relación entre Hamlet e Ofelia (2, 5 puntos)

5. A condición feminina en *Madame Bovary* (2,5 puntos)

Criterios de Avaliación / Corrección

CONVOCATORIAS DE XUÑO E SETEMBRO

Pautas xerais

O alumno/a deberá escribir con precisión e corrección, e amosar coñecemento do programa de *Literatura Universal*.

Contido e puntuación da proba escrita

O exame está dividido en dúas partes. A primeira consta de tres preguntas, cunha puntuación de 2 puntos as dúas primeiras e un punto a terceira. A segunda parte consta de dúas preguntas, cunha puntuación de 2,5 puntos cada unha.

Pautas para a corrección das preguntas

O alumnado ten que demostrar os seus coñecementos das características principais das época literarias. Sería preciso mencionar un ou dous escritores do período.

Preguntas 1 e 2: O alumno/a ten que amosar coñecementos das características principais das épocas literarias. Sería preciso mencionar un ou dous escritores asociados co período.

Pregunta 3: O alumno/a ten que relacionar os escritores coas súas obras.

Preguntas 4 e 5: Valorarase que o alumnado escriba con corrección e precisión e amose coñecementos das obras escollidas para o estudo. O alumno/a non debería escribir unha contestación vaga ou xeral, senón cinguirse á pregunta formulada no exame.